

SEMANA DO 11 AO 15 DE MAIO

Seguimos con tarefas de repaso. As tarefas que tedes que mandar para correxir son as que corresponden á semana do 27 de abril ao 1 de maio. Son as seguintes:

Lengua: Ficha que lleva por título “evaluación del primer trimestre”. Son dos fichas, pone Modelo B

Matemáticas: Tema 5, fichas de fracciones.

Lingua: unidade 5. Viaxes de papel.

Naturais: o noso corpo funciona.

Sociais: unha sociedade de contrastes.(Son 3 fichas).

Non tedes que preocuparvos si falta algunha ficha ou si mandades outra por confusión. **Algúns xa mandastes as fichas anteriores**. Eu vou poñendo por semanas por si vos é máis fácil, pero si preferides envialas según van facendo tamén se pode. Eu según vou recibindo xa as vou clasificando e correxindo, irei mandando as correccións pouco a pouco. Por tanto podeades envialas como prefirades vós. En canto á materia de plástica eu pedira un debuxo voluntario, os que o teñan feito pódeno mandar.

Recordo que non é necesario imprimir, os exercicios que están nos cadernos facédelle unha foto para enviala, si alguén non pode facelo que me mande unha mensaxe por abalar ou ao correo de cuarto para buscar solución.

Os deberes son para o alumnado, por tanto si non entenden os exercicios que me pregunten, intentarei axudalos en todo o que poida. Si é necesario dar algunha clase de repaso por videoconferencia, tamén se pode facer, si o alumnado está disposto eu non teño problema.

Na ficha de **Ciencias Naturais** donde aparecen os órganos, por suposto non fai falta imprimila, en vez de sinalalos na ficha poden escribilos en orden.

No blog do cole, concretamente no [blog de Dinamización\(EDLG\)](#), hai un **ESCAPE ROOM VIRTUAL** sobre o **Día Das Letras Galegas**, non mando traballo sobre ese día porque me parece máis entretenido participar no ESCAPE. Por suposto é voluntario, pero está moi ben e así aprenderedes a quen se lle adica este ano esta data tan importante para as nosas letras.

Ánimo, intentaremos axudarnos entre todos/as para levalo o mellor posible. A situación é complicada para todos/as. Non dudedes en preguntar o que necesitedes.

Unha aperta grande!!!!

A Titora

MATEMÁTICAS- SEMANA DEL 11 AL 15 DE MAYO

En matemáticas seguimos con **el tema 8**. Esta semana haréis las siguientes actividades:

Página 136 : 1 y 2.

Página 139: leer el apartado “**Aclaro mis ideas**”. Todavía nos falta por ver las unidades de medida de masa, será la próxima semana. Mirar bien las medidas de longitud y capacidad.

Página 140: **1, 2, 3, 7 y 8**. En el problema 8 para poder calcular tenéis que tener los datos en la misma medida, es decir, no se pueden mezclar los metros con los Km.

PROPOSTA DE TAREFA

Debido a que este curso non imos poder facer excursións, propoño facer unha virtual. O traballo consiste en :

- Teredes que pensar a donde vos gustaría ir, que vos gustaría facer, que aprenderíades en esa excursión.
- Teredes que levar unha mochila porque a excursión duraría todo o día, que meteríades nela, o máis necesario pero tamén algo que vos gustaría levar, que tipo de roupa, comida, algún xoguete...
- Podedes levar un máximo de tres euros, pensade que compraredes con eses cartos ou non, e si vos sobrarán cartos ou faltarán para o que teñades pensado comprar.
- E todo o que se vos ocurra, utilizade a imaxinación.
- Podedes escribila en galego ou en castelán. Teredes que ter todo programado para xuño, como moito para mediados, por suposto antes de que acabe o curso.

Seguro que se vos ocurren unhas excursións fantásticas, e si a alguén non se lle ocorre nada ou non lle apetece ir de excursión non pasa nada. Quen sabe si algunha se pode facer o próximo curso. Ánimo!!!!